



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/31	GOB18I00IN	
0T22 2S5A 3I0D 5E2L 0MBT		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES: <u>SR. PRESIDENTE ACCTAL.:</u> RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> ROMERO FRANCO, ROMAN GOMEZ CASAL, M.DEL MAR AMENEIRO LOPEZ, OLGA LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN OREONA BRA, JOSE <u>NON ASISTE:</u> PRESIDENTA - FERREIRO DIAZ, MARIAN <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do nueve de mayo de dos mil veinticuatro, baixo a presidencia acctal. do Sr. Don MANUEL A.RAMOS RODRIGUEZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	--

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DUN PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NO LG. NELLE- CASTRO..-

(...)

Primeiro.- **Aprobar inicialmente** o proxecto de normalización de fincas sito no Lg. de Nelle-Castro (parcelas coas referencias catastrais 6315802NJ6261N, 6315803NJ6261N e 6315804NJ6261N) asinado dixitalmente en data 27.03.2024 polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Luis Fidalgo Couce, colexiado núm. 1436, e subsanado co documento asinado polo mesmo técnico en data 07.05.2024, promovido por Enrique Rodríguez Paz e María Fernanda Rodríguez Paz.

Segundo.- Someter a información pública o proxecto aprobado polo prazo **dun mes**, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia así como no taboleiro de edictos deste Concello. Durante este período o Concello solicitará informe ao ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural.

Terceiro.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.”

O Concelleiro-Delegado de Urbanismo propónlle á Xunta de Goberno local a aprobación do informe-proposta transcrito en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DE AXUDA NO FOGAR ABRIL 2024 MODALIDADES DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA..-

(...)

Primeiro.- Aprobamos o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de abril de 2024, cun total de 197 contribuíntes e por importe de 19.002,55 €.

Segundo.- Aprobamos o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de abril de 2024, cun total de 7 usuarios e por importe de 92,68 €.

Terceiro.- Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1, xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto.- Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto.- Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE ABRIL DE 2024..-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECIMENTO ACTIVO) do mes de abril de 2024, cun total de 414 contribuíntes e por importe de 3.374,10 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, ROBÓTICA, COROS, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de abril de 2024, cun total de 127 usuarios e por importe de 1.035,05 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4